

COMUNICACIÓN DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: RESPONDA DO PROMOTOR SOBRE OS INFORMES EMITIDOS POR AUGAS DE GALICIA REFERENTES AO PARQUE EÓLICO LEGRE (IN408A 2020/097)

UBICACIÓN: CONCELLOS DE MESIA E OZA-CESURES (A CORUÑA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, SL.

O obxecto desta comunicación é dar resposta ao oficio do 10 de outubro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no que solicita a conformidade ou reparos de Augas de Galicia sobre a nova documentación achegada polo promotor do proxecto do parque eólico Legre (IN408A 2020/097).

A nova documentación achegada polo promotor componse dos seguintes documentos:

- Escrito asinado electrónicamente o día 03.10.2022 por Ricardo Fernández Fernández en representación de GREEN CAPITAL POWER SL, no que formula a súa resposta aos informes de Augas de Galicia.
- 3 anexos en formato pdf que conteñen planos de detalle das obras de drenaxe transversal propostas (Anexos I e II) mais un plano coas gabias tipo para os cruzamentos subterráneos das conducións de cableado cos leitos fluviais (Anexo III).

O promotor anuncia no seu escrito a seguinte modificación ao proxecto:

- A substitución dos vaos ou pasos de auga inicialmente proxectados por obras de drenaxe transversal (ODT), con tipoloxía de marco prefabricado ou de tubo de formigón, segundo o caso, de acordo cos planos de detalle dos Anexos I e II que acompañan ao seu escrito.

Así mesmo, o promotor tamén acepta de xeito expreso adoptar algunhas medidas que forman parte das condicións impostas polos informes emitidos por Augas de Galicia, como é o emprego de barreiras de protección de sedimentos nos traballos na zona de servidume dos leitos.

Dos planos de detalle achegados, destácase os seguintes aspectos:

- As ODT de tubos circulares aparecen dimensionadas para períodos de retorno inferiores a cincocentos (500) anos. Así mesmo, a sección transversal emprega máis de un tubo circular cunha separación de 0,50m entre tubos que dividiría o curso de auga en dúas ou mais traxectorias paralelas.
- As ODT de marcos prefabricados contemplan o emprego dunha sección transversal de varios marcos, que igualmente dividirían o curso de auga en varias traxectorias paralelas. Non se indica no plano o período de retorno considerado.
- O plano de detalle dos cruces da canalización subterránea reflicte varias seccións para cruces baixo o leito do regato. Non se contempla na documentación a solución dos cruzamentos da liña eléctrica soterrada en gabiá coas ODT existentes.

Á vista da citada documentación, cómpre facer as seguintes consideracións:

- O art. 36.2 da normativa do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) establece que "As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de



retorno de 500 anos, salvo que a Administración Hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade da canle e das características da propia infraestrutura [...]"

- No mesmo sentido se pronuncia o art. 38 do PHGC establecendo que "as actuacións de todo tipo, realizadas na canle ou a zona de policía deberán, con carácter xeral, dimensionaranse para T=500 anos, podendo a Administración Hidráulica de Galicia autorizar o dimensión amento para T=100 anos, sempre que se xustifique co correspondente estudo técnico que se pode asegurar a evacuación sen danos das avenidas de ata 100 anos de período de retorno e avaliando os efectos en caso de presentarse a avenida de 500 anos".
- O art. 36.4 do PHC establece que "Con carácter xeral, para o deseño das infraestruturas consideradas no apartado 1 non se poñerán apoios intermedios na canle, sendo só autorizables en caso de que sexa a única solución técnica viable. Ata 25 m. de luz teña un só van, [...]"
- Como criterio xeral de Augas de Galicia, nos cursos catalogados como rede hidrográfica básica nos ámbitos non urbanos, non estará permitido o uso de marcos ou tubaxes que modifiquen a morfoloxía do leito, polo que haberán de empregarse solucións que non modifiquen esta morfoloxía (por exemplo con tipoloxías tipo pórtico).
- Así mesmo, non se admiten as ODT con conducións en paralelo, debendo dispoñer unha sección hidráulica que abranxa polo menos todo o ancho do leito (nas seccións próximas tanto augas arriba como augas abaixo) e que sexa equivalente como mínimo a unha sección circular de 800 mm de diámetro.

En consecuencia, vista a citada documentación de resposta e tendo en conta o exposto anteriormente, este Organismo de Conca mostra a súa conformidade sempre que se teñan en conta as consideracións feitas nesta comunicación.

O sentido desta comunicación enténdese sen prexuízo do que estableza a posterior autorización que preceptivamente haberá de emitir Augas de Galicia.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

